

**COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018****RESUMO DA REUNIÓN DO 10/11/2017**

1. Constituíuse a Comisión de Modificación da Memoria do Grao en Química coa presidencia do decano da Facultade de Química e os seguintes membros: Dous representantes de cada unha das áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica, un representante das áreas de Matemáticas, Física Aplicada, Bioquímica, Enxeñaría Química, un representante do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, dous representantes do alumnado e un representante do personal de administración e servizos.

Jose Lorenzo Alonso Gómez  
José Carlos Bendicho Hernández  
Jesús Castro Fojo  
Luis Gago Duport  
Generosa Gómez Pacios  
Begoña González de Prado  
Juan Pablo Hervés Beloso  
Isela Lavilla Beltrán  
Miguel Ángel Mirás Calvo  
Ricardo Mosquera Castro  
Teresa Pérez Iglesias  
Paulo Pérez Lourido  
Diana Valverde Pérez  
  
Paula Esteiro Simón  
María Sío Carrera  
  
Belén Caride Iglesias

Acordouse que actuará como secretaria da comisión a estudante María Sío Carrera.

2. Tras a constitución da comisión o decano expuxo as seguintes razóns que fan necesaria a modificación da Memoria do Grao en Química:

- Despois da renovación da acreditación do Grao en Química no curso 2016/2017 pode considerarse que termina o primeiro ciclo de vida da Memoria de Grao e, dado que a redacción orixinal data do ano 2009, faise necesaria unha actualización da mesma.

- Neste sentido, no informe emitido pola ACSUG como consecuencia da renovación da acreditación, indícanse os seguintes aspectos que deben conducir a unha modificación da Memoria:

a) Levar a cabo unha actualización xeral da Memoria que inclúa os cambios que foron indicándose nos distintos seguimentos do título (por exemplo, modificacións de algúns contidos, procedementos de

avaliación, etc). Nesta actualización debe tamén revisarse as competencias do título, reescribíndoas para simplificalas.

b) Revisar ou axustar a carga docente para evitar, en particular, sobrecargas puntuais de traballo dos estudantes e o choque que se produce no primeiro cuadrimestre do segundo curso do Grao

c) Incrementar a optatividade, incluír as prácticas externas como materia optativa e potenciar o carácter profesional do Grao.

d) Revisar as materias Laboratorio Integrado I e II que non funcionan como tales laboratorios integrados senón que se realiza una distribución de prácticas por áreas.

- Ademais do anterior, a través das conversacións e suxerencias que, de maneira informal, o profesorado, o PAS e o alumnado fai chegar ao decanato, tamén se poden indicar os seguintes aspectos que poden ser convinte modificar na Memoria do Grao:

a) Intentar, de maneira xeral, reducir a presenza de materias compartidas entre varias áreas.

b) Intentar reestruturar as materias a 6 créditos ECTS para evitar os desequilibrios debidos ao diferente tamaño das materias nos cuadrimestres e contribuír a facilitar as convalidacións ou recoñecementos de créditos, tanto para estudantes nacionais como Erasmus.

c) Intentar repartir a carga dos laboratorios docentes de maneira mais homoxénea ao longo dos dous cuadrimestres, xa que as áreas de Química Analítica e Química Orgánica teñen a meirande parte da súa docencia práctica no primeiro cuadrimestre, mentres que Química Física a ten no segundo cuadrimestre, o que xenera dificultades na xestión dos laboratorios e para a coordinación con outras titulacións.

Neste punto os profesores Jesús Castro e Carlos Bendicho preguntaron sobre a posibilidade de impartir materias de 4.5 créditos ECTS. Nembargantes as normativas da Universidade de Vigo indican que 6 ECTS é o tamaño mínimo para unha materia.

- Ademais do anterior, o decano tamén informou brevemente sobre o proceso formal ou burocrático de modificación dunha memoria de Grao, indicando que, excepto en casos moi particulares, o habitual é que os cambios nas memorias se sometan ao proceso de modificación e non de verificación. En calquera caso, o proceso de Modificación supón a redacción dunha nova memoria completa en todos os seus apartados, polo que, aínda que moita da información sexa válida, será necesario actualizar todas as partes da mesma.

- O decano indicou tamén que, de acordo coa información que lle proporcionaron outras facultades de Química onde xa levaron a cabo este proceso de modificación, é convinte facer un traballo de reescritura e resumo das competencias e resultados de aprendizaxe para tentar, de maneira xeral, simplificar a Memoria. Ademais o decano indicou que sería convinte non incrementar a carga de contidos do Grao xa que o tempo é limitado, se ben poderán darse redistribución dos mesmos como consecuencia da modificación da memoria. Por último, comentou que unha das maneiras de incrementar a optatividade será explorar a posibilidade de incluír mencións no título.

Abriuse un pequeno debate no que, de forma xeral, os asistentes estiveron de acordo tanto nos problemas que presenta a actual Memoria como na idea xeral das modificacións. Neste debate o

profesor Lorenzo Alonso preguntou sobre posibilidade dun aumento no número de alumnos de novo ingreso e o profesor Jesús Castro propuxo que se averigüe se é posible indicar un número na memoria e despois reaxustar a oferta ano a ano.

Con todo o anterior, acordouse un esquema de traballo baseado en tres etapas:

- Abordar as modificacións na formación básica de 1º curso
- Estudar os cambios na formación obrigatoria
- Explorar maneiras de incrementar a optatividade

Ademais, para tentar ser eficiente e evitar reunión excesivamente longas, a duración das reunións limitarase a unha hora aproximadamente.

A reunión rematou as 14:00, tras establecerse que a próxima reunión terá lugar o venres 24 de novembro.



Ignacio Pérez Juste